

Apúntate ó Plan!

Como se adoita dicir "o máis caro é non vender".
¡Esta é a túa oportunidade!. As prazas son limitadas.

Información e Solicitudes

O modelo de solicitude e as bases da convocatoria podes
consultalas na páxina web da Deputación de Pontevedra
www.depo.es.



Deputación
Pontevedra

Asesoramento Personalizado
en *Visual Merchandising* para
comerciantes da provincia de
Pontevedra



Plan
"Á túa
Medida"
2010



Deputación
Pontevedra

Desenvolvemento Local. Comercio

Edificio Administrativo
Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra
Tfno.: +34 986 804 100 - Fax: +34 886 210 811
comercio@depo.es
www.depo.es

www.depo.es

Gustaríache que o teu comercio se diferenciara pola súa imaxe e que a presentación dos teus produtos lles resultase máis atractiva ós clientes?

Calcúlase que o 25% dos clientes dun comercio son efecto directo do seu escaparate. O feito de que entre o 60% e o 80% dos produtos se vendan como resultado da súa presentación no comercio, fai da estética a clave da produtividade de todo pequeno comercio.

Un Proxecto de Éxito

Despois do éxito da pasada edición, desde a Deputación de Pontevedra queremos continuar co compromiso que adquirimos e contribuír a consolidar o comercio de proximidade.

“Este plan é moi bo, un dez. Fixéstesme o escaparate que máis chamou a atención en 22 anos”.

M^a José Rosada. Tecidos Babeca (Tui).

“A mellor campaña publicitaria para axudar ao pequeno comercio. O cambio foi moi bo comentáronme os meus clientes”.

Alicia Rodríguez. Calzados Yosu

(Vilagarcía de Arousa).

“Sorprende e aumentaron as vendas. Estou moi contenta. Cambiamos o estilo da tenda. Foi o impulso que necesitabamos”.

Sonia Martínez. Obxectos de agasallo Casavella

(Vigo).

Requisitos

Pequenos comercios da provincia de Pontevedra que cumpran as seguintes características:

- Todos os pequenos comercios que queiran diferenciarse pola imaxe e polo atractivo comercial a través do seu escaparate.
- Estar incluídos nos epígrafes 64, 65 y 66 do Imposto sobre actividades económicas ou ben na rama 52 da CNAE.
- Contar cunha antigüidade mínima de 6 anos.
- Ter 3 ou menos empregados por conta allea e/ou titular.

Beneficios

O Plan “Á túa Medida” ofréceche un asesoramento en *Visual Merchandising* gratuito, personalizado e no teu propio comercio!

“Facían falta cousas destas. O programa pareceume moi ben. Aínda que se tarda en assimilar toda a información”.

Begoña Pastoriza. Óptica Prisma

(Cangas do Morrazo).

“Un proxecto ilusionante, novos para o comercio. Que dá forza e apoia ao comercio tradicional. E que axuda moito ao aprender de mans de especialistas como mellorar a imaxe”.

Eduardo Menéndez. Droguería Moderna

(Pontevedra).

“Un cambio de visión total. Gústame, agora teño un escaparate dunha tenda de verdade”.

Pedro Rodríguez. Paxarería Rodry

(Vilagarcía de Arousa).

Programa da Actividade

1: Un consultor experto en *Visual Merchandising* desprazase ó teu comercio para coñecer de primeira man as túas inquiredanzas e necesidades.

Fará unha reportaxe fotográfica e completará un cuestionario co que valorará a imaxe que proxecta o teu comercio.

2: Un equipo de especialistas elaborará un diagnóstico do teu comercio no que se recollerán as recomendacións de actuación ofrecéndoches unha proposta creativa para mellorar a zona que considere máis eficaz.

3: Ensinaranche a presentar os produtos e a mellorar a imaxe do teu negocio. Un equipo de profesores orientaránche, no teu propio comercio, cómo facelo.

